

**Cuestión 1.** O alumno deberá dar algunhas características da literatura grega, falar da epopea, da lírica e do teatro e citar algúns autores e obras. A visión pode ser superficial pero non deberá conter grandes desatinos.

**Cuestión 2.** O alumno deberá demostrar que fixo unha lectura reflexiva da obra. Para facelo, pode seguir ou non o esquema que se lle propuxo para desenvolvela.

**Cuestión 3.** Valorarase a reflexión persoal sobre a obra, a proxección persoal: poñerse no lugar dun personaxe, situacións semellantes da vida propia (ou da vida en xeral), solucións alternativas ós conflitos reflectidos na obra, os principios democráticos, os dereitos e liberdades individuais e colectivos, a discriminación, etc.

**Cuestión 4.** Valorarase o acerto na construción das oracións a partir dos elementos propostos no cadro.

En **tódalas cuestións** terase moi en conta a expresión escrita: a presentación; a ortografía da palabra e da frase; a unidade, a coherencia e a cohesión; o rigor e a adecuación; a riqueza e a precisión do vocabulario e a orixinalidade.

Cadro da cuestión 4.

Autor	Nacionalidade	Obra	Xénero, tema, personaxes
Defoe	Inglaterra	<i>Robinson Crusoe</i>	Autobiografía ficticia dun náufrago inglés
Corneille	Francia	<i>Le Cid</i>	Un tema medieval español
Swift	Inglaterra	<i>As viaxes de Gulliver</i>	Viaxe a Liliput
Goethe	Alemaña	<i>Fausto</i>	Un pauto co demo
Ovidio	Roma	<i>As metamorfoses</i>	Transformacións de personaxes mitolóxicos
Flaubert	Francia	<i>A señora Bovary</i>	Emma suicídase
Boccaccio	Italia	<i>Decamerón</i>	Sete mozas e tres rapaces florentinos contan historias.
Proust	Francia	<i>En busca do tempo perdido</i>	Evocacións da memoria involuntaria
Rabelais	Francia	<i>Gargantúa e Pantagruel</i>	Feitos e xestas de dous xigantes
Camoëns	Portugal	<i>Os Lusíadas</i>	Epopea histórica en verso

**Modelo:** Daniel Defoe, novelista nacido en Inglaterra, escribiu *Robinson Crusoe*, unha biografía ficticia dun náufrago inglés.